

Museo Provincial de Lugo: Capacidades diferentes, Museos sen límites

Encarnación Lago González

Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo

Resumo: O presente artigo recolle a evolución da accesibilidade no Museo Provincial de Lugo ata a creación neste do Departamento de Accesibilidade e Capacidades Diferentes.

Resumen: *El presente artículo recoge la evolución de la accesibilidad en el Museo Provincial de Lugo hasta la creación en el mismo del Departamento de Accesibilidad y Capacidades Diferentes.*

Dentro das tarefas que o persoal e os distintos departamentos do Museo Provincial de Lugo se propuxeron abordar nos últimos anos (practicamente o que levamos andado do século XXI) ocupaba un lugar prioritario o facer deste centro *un museo para todos*. Non se trataba tanto de acuñar un eslogan como de dar pasos concretos para converter pouco a pouco ese obxectivo nunha realidade.

Sabiamos que eran moitas as barreiras e que tiñamos por diante moito traballo que facer, sabiamos moi pouco, na teoría e na práctica, sobre a accesibilidade *real* nos museos en xeral e no noso en particular.

Era necesario e urxente, daquela, mellorar a accesibilidade global do museo porque eramos conscientes de que moitas persoas (e non me estou a referir só aos colectivos de discapacitados) atopaban distintos tipos de barreiras e dificultades á hora de achegarse ao Museo como visitantes ou usuarios dos seus diferentes servizos. Todo iso requiría asumir con urxencia as reivindicacións dos cidadáns e recoñecer as vantaxes de pensar en plural. Era preciso analizar os problemas, investigar, solicitar información de primeira man de diferentes colectivos e tratar de achegar as solucións axeitadas, formular tácticas e estratexias para materializar con efectos visibles os cambios e as melloras.

O meu compañeiro do Departamento de Difusión, Fernando Arribas, e eu mesma comezamos, no ano 2002, os primeiros contactos cos colectivos lucenses de discapacidades: primeiro FAMISLU (Mónica, José Luis, Miguel...), despois AUXILIA (Fernanda, Aquilino)... tantos nomes que nos axudaron...

Entre todos tratábase de buscar solucións técnicas para facer un museo accesible e sobre todo entender o lado humano, os problemas reais e mesmo persoais da accesibilidade. A súa axuda foi imprescindible e dende aquí quero manifestar o meu agradecemento aos movementos asociativos da discapacidade lucense por axudarnos a afondar na súa problemática e a entender o Museo e o mundo coa súa mirada: “Non se ve ben senón co corazón, o esencial é invisible aos ollos” (*O Principiño*).

Entón comezamos a procurar información: Necesitábamos saber que principios poden seguirse para conseguir museos accesibles. Entramos en contacto co concepto de **Deseño Universal**, que naceu en EEUU en 1985, creado polo arquitecto, deseñador e usuario de cadeira de rodas Ronal L. Mace, que foi un dos pioneiros en deseño accesible. En 1989 fundou o centro de Deseño Universal. Tiñamos que conseguir o deseño de produtos e medios de maneira que puidesen ser utilizados polo maior número de persoas sen necesidade de adaptación ou deseño especializado. O obxectivo é simplificar a vida de todos facendo que medios, produtos e comunicacións sexan máis útiles para un maior número de persoas cun custo adicional baixo ou nulo.

Os principios básicos deste concepto son:

1. Uso equitativo: deseño útil para calquera tipo de usuario.
2. Uso flexible: deseño que se adapta as distintas capacidades.
3. Uso intuitivo e sinxelo: uso fácil de comprender.
4. Información perceptible: deseño que transmite a información de forma clara.
5. Tolerancia aos erros: deseño que reduce riscos.
6. Baixo esforzo físico: deseño que se usa de forma eficaz e cómoda.
7. O tamaño e o espazo permiten o achegamento, alcance, manipulación e uso do dispositivo independentemente da talla, postura ou mobilidade do usuario.

Con todo isto comprobamos que o **Deseño Universal** se estende máis alá de cuestións de accesibilidade para converterse en parte integrante da arquitectura, deseño e urbanismo. Un factor, por tanto, o da accesibilidade que xa non o podíamos nin debíamos ver como algo complementario ao proxecto museográfico e arquitectónico, senón como parte substancial deste.

No Estado español tiñamos referentes:

- O Museo Guggenheim de Bilbao posúe o certificado ISO 17001, foi a primeira organización do estado en recibir o certificado UNE que acredita un sistema de xestión de accesibilidade global e a primeira empresa en cumprir os requisitos DELCO. Vai máis alá da eliminación de barreiras arquitectónicas coa modificación do mobiliario, automatización de sistemas e formación do persoal. Dispón de visitas guiadas gratuítas para discapacitados e visitas en lingua de signos.
- O Museo Tiflolóxico da ONCE foi tamén un bo exemplo e os contactos que alí fixemos fundamentais. Miguel Moreno fixo que vísemos o museo con outros ollos.

- Analizamos datos de accesibilidade doutros museos estatais como o Museo Tyssen Bornemisza, o Centro de Arte Reina Sofía, o MARQ, o Museo de Villajoyosa, ... comprobamos os avances que se fixeran en Cataluña, onde 33 museos eran accesibles.

Unha vez valorado o que estaba pasando no estado español cumpría analizar detidamente a problemática da accesibilidade do noso museo: dende o ano 1997 podíase acceder pola porta de emerxencia traseira ao museo, pero non facer un percorrido completo por todas as instalacións.

O ano 2003 foi o Ano Europeo da Discapacidade, o día 14 de febreiro do 2003 Fernando Arribas moderou unha mesa na que participamos o arquitecto que proxectou a ampliación do museo (Antonio González Trigo), o presidente da Federación de Asociacións de Minusválidos Físicos de Lugo (José Luis Lolo) e eu mesma na que, baixo o título *Autodiagnose do Museo Provincial de Lugo*, demos conta do que detectáramos acompañados por Mónica, Miguel e José Luis e pedimos as opinións do resto das asociacións.

Esta mesa redonda celebrouse no marco dunhas xornadas que titulamos **Museos e accesibilidade**, na que tamén participaron:

- Persoal do CEAPAT para falar de criterios prácticos de autonomía persoal.
- Miguel Moreno como coordinador do Museo Tiflolóxico da ONCE co relatorio titulado *Un museo accesible para discapacitados. Como visitar un museo e non morrer de aburrimiento*.
- Eliseo Ruben fíxonos unha demostración práctica sobre *A tecnoloxía ao servizo do minusválido* e Begoña Consuegra, técnica da ONCE, falounos das *Técnicas de exposición e montaxe en museos orientados a cegos*.
- *O museo para discapacitados auditivos, sistemas de linguaxe e recursos técnicos* foi o título da participación de María Pons Sorolla, responsable de Ande e de programas de creatividade artística para discapacitados.
- Pedro Lavado falounos de *Museos sen barreiras. Accesibilidade, comunicabilidade e integración dos discapacitados nos museos*.

Entre todos formulamos estratexias a curto, medio e longo prazo. A curto prazo xurdiu unha autoguía para lograr que as persoas con discapacidade puidesen percorrer o Museo autonomamente, sen depender de ninguén.

A medio prazo fixemos nunha primeira fase as rectificacións pertinentes e posibles, tendo en conta os condicionamentos propios dun edificio histórico: incorporación e rectificación de ramplas, adaptación e mellora dunha das portas de acceso, colocación dun timbre na entrada principal, redacción dun proxecto arquitectónico de eliminación de barreiras para realizar nun futuro inmediato e que inclúe: acceso axeitado pola porta principal, adaptación dos servizos hixiénicos, corrección da iluminación de determinadas salas e pezas, supresión de barreiras programáticas...

A programación de actividades que levamos adiante no ano 2003, Ano Europeo da Discapacidade, foi decisiva para sensibilizar as distintas administracións, incluída a Deputación da que dependemos, sobre esta problemática. O programa elaborado conxuntamente por COGAMI, Deputación Provincial de Lugo e Museo Provincial, foi o primeiro que se presentou por parte de

organismos públicos e asociacións a nivel estatal e deu lugar a un intenso ano de actividades que tiveron lugar no Museo baixo o lema “Museos e accesibilidade”. Estas xornadas, nas que se tocaron en profundidade moitos temas, contribuíron a xuízo dos participantes, a crear un marco de reflexión e crítica sobre os problemas que ten cada tipo de discapacidade para a súa integración. Cada mes estivo dedicado a un lema, unha discapacidade e unha asociación. Houbo unha actividade constante de exposicións, conferencias, cursos e mesas redondas nas que convidamos a participar a recoñecidos expertos estatais e locais. O 15 de febreiro, cando remataban as xornadas o Museo xa tiña un timbre adaptado para uso dos discapacitados, en marzo xa tiñamos unha guía en braille e no mes de xuño xa dispoñiamos de guías -intérpretes da linguaxe de signos en colaboración coas asociacións lucenses.

Cando rematou o amplo programa de actividades tomamos unha decisión: no noso Museo non íamos programar máis actividades para determinados colectivos, todas as actividades do Museo serían accesibles por principio e por sistema, poñendo ao dispor das persoas que o precisasen as axudas técnicas e humanas que lles permitisen realizalas. Estamos a traballar niso, tamén na renovación da nosa páxina web para que sexa accesible a todos os colectivos.

Avanzamos, paso a paso, porque somos conscientes de que temos obxectivos a longo prazo polos que non imos deixar de loitar, porque queremos conseguir que a integración sexa unha realidade e unha esixencia social. Reivindicamos que non só as administracións, senón a sociedade, en xeral, se preocupe, coñeza e reflexione para deseñar un mundo máis doado e agradable para todos. A nivel persoal, coñecín de preto o colectivo, impúxenme unha reflexión profunda e teño, ao día de hoxe, unha implicación que vai moito máis aló do estritamente profesional.

No ano 2007 o Día da Discapacidade, o Museo Provincial convocou outra xornada de traballo “Capacidades diferentes. Museos sen límites” na que retomamos todos os temas pendentes, asociación por asociación, no camiño de írmonos preparando para acometer o novo proxecto museolóxico e despois museográfico sen erros. Estamos a celebrar o 75 Aniversario do Museo baixo o lema **ronsel de futuro...** cremos nun futuro esperanzador. Dende ese día o Museo Provincial de Lugo conta cunha solución temporal de accesibilidade pola porta principal, un reto que aínda estaba pendente e para o que temos acadar a curto prazo nunha solución definitiva...

Esa mesma xornada anunciamos a nosa intención de crear un novo departamento no organigrama do museo: **O Departamento de Accesibilidade e Capacidades Diferentes**. A creación do novo departamento xa foi aprobada polo Pleno da Deputación de Lugo o 26-2-2008. Somos o primeiro museo galego e dos primeiros de todo o Estado que conta cun departamento deste tipo, un departamento que ten como obxectivo preferente prestarlle unha maior atención á diversidade. Ou o que é o mesmo prestarlles atención preferente a todos aqueles colectivos aos que os mercados do traballo, o consumo, a comunicación, o lecer e a cultura se empeñan sempre en deixar á marxe. Pero non para crearmos un gueto asistencial, senón, pola contra, por considerarmos que as institucións museísticas deben funcionar como un mecanismo propiciador de xustiza e cohesión social.

En definitiva non se trata de que os museos fagan nada que supere o que a Declaración universal dos dereitos humanos establece no artigo 27.1: “Cada persoa ten dereito a participar libremente na vida artística e cultural da comunidade.”

Un dereito que as propias Nacións Unidas desenvolve no punto 1.5 do seu programa: “os estados membros deben procurar que as persoas con discapacidade teñan a oportunidade de utilizar ao máximo as súas posibilidades creadoras, artísticas e intelectuais, non só para o seu propio beneficio, senón tamén para o enriquecemento da comunidade. Con este obxecto debe asegurarse o seu acceso ás actividades culturais, se fose posible deben realizarse adaptacións especiais para satisfacer as súas necesidades”.